ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO 14 DE XUÑO DE 2023

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a catorce de xuño de dous mil vinte e tres, sendo as catorce horas ten lugar a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal en funcións, presidida pola alcaldesa-presidenta D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):
D.ª Patricia María Vázquez Figueroa
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.ª María Begoña Calviño Dorado
D. Juan Francisco Sánchez López
D. Santiago Franco Blanco

Grupo municipal do Partido Popular (PP)
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
Dª María Loreto Caseiras Arroyo *(incorpórase á sesión ás 14:05 logo da votación)*
D.ª Alicia María Souto Ramos
Dª. María Arca Nieto

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo Mixto
D. David Carro Temprano (BNG)

De seguido, a sra. alcaldesa en funcións abre a sesión, celebrada ao abeiro do disposto no artigo 36.1 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, na que se pasou a tratar o asunto único da **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do 30 de marzo e as sesións extraordinarias do 29 de abril e do 11 de maio de 2023, a través de documentos remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás devanditas actas.

Non formulándose observacións, posta a aprobación as actas da sesión ordinaria do 30 de marzo e as sesións extraordinarias do 29 de abril e do 11 de maio de 2023, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbanse

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: r3BO9wB2ohjpROgFvQHn
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

as referidas actas.

- Sendo as 14:05 horas, incorpórase á sesión a sra. Caseiras Arroyo -

A continuación, a sra. alcaldesa indica que como ven sendo tradición neste derradeiro pleno desta Corporación, hai compañeiros que despídense hoxe por distintos motivos, aos que quere agradecer os servizos prestados por todos eles, no nome propio e en nome da veciñanza de Bergondo, indicando que foi un pracer contar cos concelleiros que se despiden hoxe.

Seguidamente a sra. alcaldesa procede á impoñerlles á medalla edilicia a D. Eloy Babío Veiga, a D. Juan Francisco Sánchez López e a D. Santiago Franco Blanco.

Tanto o sr. Babío Veiga, como os sres. Sánchez López e Franco Blanco, teñen unhas sentidas palabras de agradecemento á Corporación e veciñanza de Bergondo.

Esta acta foi gravada en audio. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000006 a gravación de audio. A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:

A5CEF12B215ED290DD5963B58AC3D2343B2448F7D9B55CE0516445C54F6E6434

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta en funcións levanta a sesión, sendo as catorce horas e sete minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura electrónica da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.ª Cacharrón Castelos

V. e pr. A alcaldesa en funcións.
Alejandra Pérez Máquez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: r3BO9wB2ohjpROgFvQHn
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.